

**PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL
E DA PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO.
Convocatoria 2015**

Orde do 3 de xullo de 2015 (DOG nº 133, xoves, 16 de xullo de 2015)

Finalidade: Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e apoiar proxectos de emprendemento.

As **solicitudes a máis dun programa deberán formalizarse por separado**. A administración ten un prazo de cinco meses para resolver e notificar. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Con carácter xeral e para todos os programas o período de execución das accións abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 14 de novembro de 2015.

Excepcionalmente, as accións realizadas entre o 08 de abril de 2014 e a data desta orde (16 de xullo de 2015), poderán dar lugar ao acceso a condición de beneficiarios. Neste caso, o gasto subvencionable corresponderá ao último trimestre de 2014 e ao exercicio orzamentario de 2015.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 16 de novembro de 2015

Importante: Cando a beneficiaria destas axudas sexa a cooperativa, esta deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas ao depósito de documentos e inscricións dos acordos sociais no rexistro de cooperativas correspondente.

Prazo de solicitude: 16 de agosto de 2015.

PROGRAMA I: Fomento de emprego en cooperativas.

Finalidade: Fomentar a incorporación de *persoas desempregadas e persoas asalariadas temporais da cooperativa*, como socios e socias traballadores/a con carácter indefinido. **Deberá supoñer incremento de emprego fixo respecto aos doce meses anteriores.**

Beneficiarias:

- Cooperativas de traballo que incorporen como socios e socias traballadores/as a persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.
- Cooperativas de traballo que incorporen como socios e socias a persoal asalariado vinculado á empresa por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de 6 meses á data da súa incorporación.

Para os efectos desta axuda, o requisito de estar desempregado/a e inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego deberá cumprirse na data de alta da persoa socia traballadora no correspondente réxime da seguridade social (importante cumprir este requisito, incluso cando se tramitou pago único do desemprego).

Contía das axudas: de **5.500 € ata 10.000 €** segundo circunstancias.

No caso de cooperativas xuvenís as contías incrementaranse nun 25%

A contía máxima que poderá ser concedida a unha beneficiaria a cargo deste programa I será de 50.000 €.

PROGRAMA II: <u>Fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora</u>

Finalidade: Fomentar o acceso á condición de persoa socia traballadora así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que debe desembolsarse para incorporarse á cooperativa.

Persoas beneficiarias:

- Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que accedan a condición de persoa socia traballadora dunha cooperativa de traballo asociado.
- As persoas socias a proba de cooperativas e as persoas asalariadas das cooperativas que accedan á condición de persoa socia traballadora.
- Persoas en activo e que figuren de alta no Servizo de Emprego de Galicia como demandantes de mellora de emprego, cando accedan á condición de persoa socia traballadora.
- As persoas que se incorporen como socias traballadoras en virtude da transformación da empresa na que presten servizos en cooperativa.

Contía das axudas: Ata 4.500 €, sen que en ningún caso poda ser superior aos importes efectivamente desembolsados en concepto de achega de capital social e cota de ingreso. O importe da axuda deberá manter a súa condición de capital social da cooperativa, durante un período mínimo de tres anos.

No caso de cooperativas xuvenís as contías incrementaranse nun 25%

PROGRAMA III: Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.

Finalidade: Fomentar o cooperativismo e a economía social, concedendo *axudas económicas para a posta en marcha dos proxectos empresariais*, tanto de nova creación coma os xerados polas cooperativas existentes.

Poderán ter a consideración de proxectos subvencionables a *transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas*, a constitución de novas cooperativas ou o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade polas cooperativas en funcionamento.

Beneficiarias: as cooperativas que realicen proxectos empresariais subvencionables. Serán tamén beneficiarias as persoas físicas e empresas privadas que presten os *servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos*.

Accións subvencionables e contía:

a) Subvencións para gastos de constitución:

1.- Poderán ser obxecto de subvención **ata o 75%** dos gastos ocasionados con motivo da formalización e inscrición da escritura pública e demais trámites derivados do proceso de constitución da cooperativa ou de transformación no seu caso, ata un máximo de 1.500 € para gastos de notaría e inscricións en rexistros oficiais e 500 € adicionais para a realización doutros trámites.

2.- Poderán ser obxecto de subvención **ata o 75%** os seguinte gastos:

- a) Elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes análogos, necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000 € cando integren a menos 10 persoas socias e ata un máximo de 3.000 € cando integren a 10 persoas socias ou máis.

b) Elaboración dos estatutos sociais e regulamentos de réxime interno necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 2.000 €.

b) Subvencións para formación empresarial: co fin de cubrir parcialmente as necesidades de formación das persoas socias que se incorporen a cooperativa en dirección e xestión empresarial.

Subvencionase **ata o 75%** do custo dos servizos prestados, tendo en conta: 20 € por cada hora de duración efectiva multiplicados polo número de persoas participantes na actividade, cun límite máximo de 1.000 € de subvención por cada persoa soa incorporada á cooperativa que participe na formación e 5.000 € por cada beneficiaria.

c) Asesoramento e acompañamento de proxectos. Comprende desde as actividades informativas e formativas dos/as promotores/as, previas ó inicio da actividade ata a elaboración do plan de empresa e o seu seguimento e asesoramento na execución.

É precisa a elaboración dun plan de traballo normalizado e poden solicitala tanto pola cooperativa promotora como as entidades ou profesionais que presten o servizo.

A contía da subvención ascenderá a 30 euros por hora de información, formación ou asesoramento por cada proxecto.

PROGRAMA IV: Promoción das cooperativas xuvenís.

Finalidade: apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións directas para o financiamento dos custos derivados do lanzamento da actividade.

Beneficiarias: As **cooperativas xuvenís de nova creación** formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras que teñan entre 16 e 29 anos de idade.

Considerase “*entidades de nova creación*” as **que non superen os dous anos de actividade**, contados ininterrompidamente desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, da alta no censo de obrigados/as tributarios/as do Ministerio de Economía e Facenda, ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto e Contía: subvención directa para financiar parcialmente os gastos correntes derivados do inicio da actividade **ata un importe máximo do 75%** do seu custo, excluídos impostos.

Poderán ser obxecto de subvención os seguintes gastos correntes:

- Arrendamento e mantemento de locais, instalacións, maquinaria e elementos de transporte.
- Materias primas, embalaxes, envases e outros aprovisionamentos necesarios para a produción, agás que sexan obxecto de simple comercialización.

- Elaboración de material publicitario funxible e anuncios publicitarios nos medios de comunicación.
- Seguros, gastos financeiros e bancarios.
- Enerxía, comunicacións e transportes.
- Material de oficina.
- Consumibles para equipos informáticos e maquinaria.
- Mantemento de equipos e sistemas para as tecnoloxías da información e as comunicacións, de páxinas web e de sistemas telemáticos de xestión e para o comercio electrónico.
- Roupa de traballo e material funxible para a prevencións de riscos laborais.

O importe máximo desta subvención será de 15.000 euros por entidade beneficiaria.

Neste programa IV poderase facer efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 80% do importe da subvención, logo de solicitude e sen que en ningún caso o pagamento anticipado poida superar os 12.000 €